

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 9 DE FEBREIRO DO 2017.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón D. Antonio Javier Jesús Freire Brión	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día nove de febreiro do dous mil dezasete, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.


Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 07/02/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:






Número de relación	2017 - 000003
Importe total	247.138,14 €
Número de facturas	77
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33277827R
Importe	499,97 €
Última factura	
Emisor (Cif)	Y3344595H
Importe	748,00 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	31/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Turismo Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 150 unidades de DVD Ópera Dorneira para o seu uso como produto promocional turístico		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA			
NIF/CIF:	G15315682			
Importe (IVE Incluído):	1.499,19 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Redacción do proxecto de intervención arqueolóxica para o xacemento arqueolóxico do Castro da Cidá		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- MIGUEL A. VIDAL LOJO - MANUEL ANTONIO FRANCO FERNÁNDEZ - ISABEL CABRERA TILVE	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		MIGUEL A. VIDAL LOJO		
NIF/CIF:		52458726G		
Importe (IVE Incluído):		5.783,80 €		
Observacións:				





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta		3	Data	03/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 36 caixas de papel DIN-A4 para a Casa do Concello e 12 caixas id. para Deportes		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C			
NIF/CIF:	J15626245			
Importe (IVE Incluído):	679,54 €			
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	31/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Celebración da actividade "O caderno dos afectos", co motivo da celebración do Día de Rosalía de Castro o día 23/02/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	URDIME, S.C.G.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	URDIME, S.C.G.			
NIF/CIF:	F70353982			
Importe (IVE Incluído):	1.100,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	31/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Celebración da actividade "O curral de Cocoricó", co motivo da celebración do Día da Lingua Materna o día 25/02/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	Mª DEL ROSARIO PITA VILLARES	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	Mª DEL ROSARIO PITA VILLARES			
NIF/CIF:	32767705L			
Importe (IVE Incluído):	250,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta	6	Data	31/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de 50 exemplares do libro "Silencio III" DE Xavier López Marqués para repartir nas bibliotecas dos centros de ensino e nas bibliotecas municipais, co motivo da realización de accións de educación no mes de febreiro		
Nº orzamentos	1	Provedores	ALBERTO CEREZUELA RODRÍGUEZ





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

aportados				
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		ALBERTO CEREZUELA RODRÍGUEZ		
NIF/CIF:		53710000D		
Importe (IVE Incluído):		462,00 €		
Observacións:				

Nº Proposta		6	Data	31/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da realización de accións de educación no mes de febreiro		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe (IVE Incluído):	200,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta	7	Data	07/02/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gasto destinado a premios das diferentes modalidades co motivo da celebración do Concurso de Disfraces de Hostalería Entroido 2017, e segundo o seguinte reparto: -Individual 1º premio: 100,00 € 2º premio: 50,00 € -Parella 1º premio: 200,00 € 2º premio: 100,00 € -Grupo (mínimo de tres persoas) 1º premio: 350,00 € 2º premio: 200,00 €		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	1.000,00 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar as Bases do Concurso de Disfraces de Hostalería Entroido 2017 a celebrar o día 25/02/2017, segundo a citada proposta		





PRÓRROGA DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN PARA BENEFICIARIOS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, LIÑA DE ACTIVIDADES DE ACCIÓN SOCIAL 2016

Visto o informe emitido pola **Comisión Avaliadora de Subvencións** dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, exercicio 2016, na liña de Actividades de Acción Social, de data 16/01/2017, no que solicita unha prórroga do prazo de xustificación para os beneficiarios de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, na liña de Actividades de Acción Social 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar unha prórroga do prazo de xustificación para que os beneficiarios de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, na liña de Actividades de Acción Social 2016, presenten a documentación requirida nas bases que regulan a convocatoria, determinando o remate deste prazo o vindeiro **31 de marzo de 2017**.

PRÓRROGA DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN PARA BENEFICIARIOS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, LIÑA DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2016

Visto o informe emitido pola **Comisión Avaliadora de Subvencións** dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, exercicio 2016, na liña de Actividades Culturais, de data 16/01/2017, no que solicita unha prórroga do prazo de xustificación para os beneficiarios de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, na liña de Actividades Culturais 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**


Aprobar unha prórroga do prazo de xustificación para que os beneficiarios de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, na liña de Actividades Culturais 2016, presenten a documentación requirida nas bases que regulan a convocatoria, determinando o remate deste prazo o vindeiro **31 de marzo de 2017**.

ACHEGAS PARA A PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL. EXERCICIO 2016.

Vista a **proposta** presentada pola **Comisión avaliadora de subvencións para a promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social 2016**, de data 29/12/2016, na que se propón os beneficiarios e excluídos das subvencións destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social. Exercicio 2016.

Vista a documentación que obra no expediente.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

A) Aprobar a concesión/exclusión de subvencións destinadas á promoción de proxectos desenvolvidos na área de acción social. Exercicio 2016, segundo o contido da citada proposta, resultando a relación de beneficiarios/excluídos de subvención tal como segue:

a) ASOCIACIÓNS DE MAIORES

ENTIDADE	PUNTUACIÓN	Axuda solicitada	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE RIVEIRA	55	940,00 €	940,00 €
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE AGUIÑO	50	833,00 €	833,00 €
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE CORRUBEDO	70	1.500,00 €	1.400,00 €
CENTRO SOCIAL, CULTURAL, RECREATIVO SANTA UXÍA	75	2.000,00 €	1.500,00 €

b) ASOCIACIÓNS QUE NON CUMPREN OS REQUISITOS

ENTIDADE	MOTIVOS PARA A NON CONCESIÓN
ASOCIACIÓN GALEGA PARA A AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA)	Incumprimento do requisito de estar inscrita no rexistro municipal de asociación con data anterior ao 1 de xaneiro de 2016. O Concello xa ten un convenio coa citada asociación polo que se encarga do pago do aluguer do local que utilizan
ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL	Non é unha asociación de maiores. A actividade planeada non se centra en actividades específicas para "maiores". Conta con convenio específico do Concello como entidade de atención á diversidade funcional

B) O prazo de xustificación destas achegas será o **31 de marzo de 2017** (Acordo XGL de data 09/02/2017)

ACHEGAS PARA A PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACTIVIDADES CULTURAIS. EJERCICIO 2016.


Vista a **proposta** presentada pola **Comisión avaliadora de subvencións** dirixidas a entidades sen ánimo de lucro na liña de actividades culturais 2016, de data 16/01/2017, na que se propón os beneficiarios e excluídos das subvencións destinadas á celebración de actividades culturais. Exercicio 2016.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

A) A concesión dunha subvención para as seguintes entidades e contías:

BENEFICIARIOS	Puntos obtidos	Coefficiente Financiamento	Achega concedida Máx. 50% Presupuesto gasto obxecto de subvención	Importe a xustificar = Importe Subvención / Coeficiente financiam.
---------------	----------------	----------------------------	---	--



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

ASOCIACIÓN CULTURAL R.V. FRANCISCO LORENZO MARÍÑO	87,50	30,87%	1.831,37 €	5.932,54 €
REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA	80,00	47,61%	1.674,40 €	3.516,90 €
CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA	80,00	25,40%	600,00 €	2.362,20 €
SOCIEDAD DE INSTRUCCIONS HIJOS DE PALMEIRA	75,00	48,57%	1.569,75 €	3.231,93 €
DELEGACIÓN LOCAL ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA, CONSUMIDORES Y USUARIOS DE RIVEIRA	75,00	50,00%	1.400,00 €	2.800,00 €
SOCIEDAD CÍRCULO MERCANTIL DE RIVEIRA	70,00	46,06%	1.000,00 €	2.171,00 €
CENTRO RECREATIVO DE ARTES	65,00	49,84%	1.070,00 €	2.146,78 €
ASOCIACIÓN BARBANCESA DE AXUDA E SOLIDARIEDADE	60,00	38,89%	1.255,80 €	3.229,10 €
ASOCIACIÓN CULTURAL ALBARIZA	60,00	50,00%	1.255,80 €	2.511,60 €
ASOCIACIÓN V.CULTURAL E P.S. Á MOCIDADE DE CARREIRA	60,00	47,50%	950,00 €	2.000,00 €
ASOCIACIÓN SANTÍSIMO S. DE PALMEIRA	52,50	50,00%	1.098,82 €	2.197,64 €
ASOCIACIÓN CULTURAL O SERRIÑO	50,00	50,00%	1.046,50 €	2.093,00 €
ASOCIACIÓN XUVENIL E CULTURAL FLOR DE TOXO	45,00	50,00%	400,00 €	800,00 €
GRUPO DE MÚSICA E BAILE TAHUME		*	0,00 €	
TOTAIS	980,00		15.152,44 €	

**O Grupo de Música e Baile Tahúme solicita unha subvención de 192,50 € (50% do presuposto total de gasto).*

Conforme as bases xerais da convocatoria no apartado 5.- Instrucción e resolución da convocatoria, Importe das achegas que se conceden: "con carácter xeral, (...) o importe mínimo da achega concedida por entidade será de 300€ e o coeficiente de financiamento non poderá ser superior en ningún caso ao 50%.

Outorgar a achega mínima suporía incumplir o máximo do 50% do coeficiente de financiamento.


B) O prazo de xustificación destas achegas será o 31 de marzo de 2017

(Acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 09/02.2017).

CONCESIÓN DE ACHEGA NOMINATIVA. CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA.

Visto o Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira para a organización e coordinación da Escola Municipal de Vela, de data 09/12/2016.

Vista a documentación xustificativa achegada para a organización e coordinación da Escola Municipal de Vela, mediante escrito presentado polo Club Náutico Deportivo de Riveira, de data 01/02/2017 (Rexistro de entrada nº 1.528)



Vista a **proposta** do Concelleiro Delegado de Deportes, de data 03/02/2017.

Visto o **informe** de fiscalización previa (gastos) emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 06/02/2017.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- A) **Conceder** unha achega nominativa, por importe de 2.500,00 €, ao **Club Náutico Deportivo de Riveira** (G15033152) para contribuír á organización e coordinación da Escola Municipal de Vela, e de conformidade co establecido no citado convenio.
- B) **Aprobar** a documentación xustificativa presentada polo beneficiario

III.- CONTRATACIÓN.

1.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO **"BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ"**

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de **"Beirarrúas na rúa alcalde Fernández Bermúdez"**, cun orzamento total por contrata de 106.094,34 euros (valor estimado do contrato: 87.681,27 euros; IVE 21%: 18.413,07 euros) e un prazo de execución de 2,5 meses.


O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en febreiro de 2016, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión da data 15/12/2016.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación –prezo máis baixo–), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61911, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa mesma sesión de data 15/12/2016.

Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:





A) "Tarrío y Suárez, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 16/01/2017, co número 257.

B) "Excavaciones Darío, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 16/01/2017, co número 258.

C) "Nemesio Ordóñez, S.A.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 16/01/2017, co número 259.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 26/01/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1) TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/01/2017, co número 918.

2) EXCAVACIONES DARÍO, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 992.

3) NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 1.016.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 27/01/2017, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás tres empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.


O acto de apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas (fase 1ª), celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 30/01/2017, co seguinte resultado:

Licitador	1ª Oferta económica Valor estimado (sen IVE)
Tarrío y Suárez, S.L.	83.113,07 €
Excavaciones Darío, S.L.	86.300,00 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	82.306,41 €

Acordándose, na dita reunión, abrir a fase de negociación e invitar aos licitadores admitidos a presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira, do xeito previsto na cláusula 15.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación.

As invitacións para presentar unha segunda oferta económica foron cursadas por medio de escritos da Alcaldía da data 31/01/2017, que foron rexistrados de saída na mesma data e notificados por correo electrónico.

A apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) presentadas por cada un dos licitadores admitidos realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 07/02/2017, co seguinte resultado:



Licitador	2ª Oferta económica (fase de negociación)
	Valor estimado (sen IVE)
Tarrío y Suárez, S.L.	77.071,84 €
Excavaciones Darío, S.L.	86.300,00 € (ratifícase na 1ª oferta)
Nemesio Ordóñez, S.A.	82.306,41 €

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 07/02/2017.


Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN**, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado **"BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ"**, do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Valor estimado (sen IVE)
1º	Tarrío y Suárez, S.L.	77.071,84 €
2º	Nemesio Ordóñez, S.A.	82.306,41 €
3º	Excavaciones Darío, S.L.	86.300,00 €

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **REQUIRIR A "TARRÍO Y SUÁREZ, S.L."**, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello





a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.


2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "REORDENACIÓN E MELLORA DO PARQUE URBANO DE PEDRA PATEIRA (RIVEIRA)".


Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de **"Reordenación e mellora do parque urbano de Pedra Pateira (Riveira)."**

O investimento foi incluído na **"1ª fase do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016"**, da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xuño de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 35.088,84 euros (valor estimado do contrato: 28.999,04 euros; IVE 21%: 6.089,80 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 20/06/2016, logo de manifestar a comprobación da realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución.
- 3.- Informe técnico asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 28/06/2016, no que, entre outros extremos, manifesta que os terreos sobre os que se empraza o parque atópase clasificado no PXOM como solo urbano consolidado e cualificado como equipamento de zona verde; que as obras son compatibles coa normativa municipal de aplicación; que non precisa de autorización sectorial algunha; que non se precisa supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento, por ser inferior a 350.000,00 euros, nin polo seu contido, por non afectar á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; e que se trata dunha obra completa.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 28/06/2016, no que se manifesta que as obras proxectadas afectan a terreos públicos de titularidade municipal, e que o Concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

do investimento.

- 5.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 14/07/2016, polo que se resolveu aprobar o Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016, os proxectos correspondentes, e demais pronunciamentos que no mesmo constan.
- 6.- Proposta de contratación asinada polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 06/02/2017 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 7.- Documento contable "RC" expedido polo interventor accidental na data 07/02/2017 (número de operación 2017 22000746), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 171.60910.
- 8.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 9.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 07/02/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 10.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 07/02/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110, 115 e 121 do TRLCSP.


Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobado o expediente de contratación para realizar as obras de "Reordenación e mellora do parque urbano de "Pedra Pateira (Riveira)", redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xuño de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 35.088,84 euros (valor estimado do contrato: 28.999,04 euros; IVE 21%: 6.089,80 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

SEGUNDO.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de





adxudicación (factor prezo).

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 171.60910.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/01/2017 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras de “Reposición de muro de parcela en Frións””**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 16/01/2017 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde para a execución das obras no exterior do Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque””**.


3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 16/01/2017 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Remodelación do campo de fútbol de Carreira””**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Genaro Cadabal González**, de data 13/07/2016 (Rexistro de entrada nº 9.249), no que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, sito no lugar de Estris Gándara, Artes, Riveira, en parcela resultante da licenza de agrupación e posterior segregación nº 3/15, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 5 de febreiro de 2015.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, **Jesús García Ramos**, de data 20/01/2017, nos informes técnico favorables emitidos pola Enxeñeira Municipal, **Uxía Landeira Pereira**, nas datas 19 e 31/01/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, **José Martínez de Llano Orosa**, de data 31/01/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a **Genaro Cadabal González** **LICENZA DE OBRAS (Nº 3/17)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Estris Gándara, Artes, Riveira, en parcela resultante da licenza de agrupación e posterior segregación nº 3/15, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 5 de febreiro de 2015, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 8.7.16 redactado por **Miguel A. Abad Blanco Abad & Antonio Deus Álvarez**:

- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal así como a Enxeñeira Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sita no lindeiro norte e sur, refléxase unha superficie de cesión 30,50 e 8,80 m² respectivamente, resultando unha superficie de de 39,30 m² en total), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 128,50 €.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material**, **Coordinación de Seguridade e Saúde**, **Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza





municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista”.

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu*





destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A LICENZA DE OBRA PARA USO ESPECÍFICO - FRIGORÍFICOS DOCAMPO, S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Adecuación de nave frigorífica existente para destinala a almacén de produtos conxelados de pesca e conxelación por tanque de salmuera.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario. SITUACIÓN: Porto de Aguiño, Riveira.

REFª CATASTRAL: 8679503MH9087N.

PROMOTOR/A: FRIGORÍFICOS DOCAMPO S.L.

PROXECTO: Proxecto visado polo C.O.E.T.I de A Coruña de data 24 de maio de 2016 / Anexo ao proxecto de decembro de 2016.

AUTOR/A PROXECTO: José Manuel Dios Tomé.

OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo C.O.E.T.I de A Coruña de data 26 de decembro de 2016.


AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: Ofrecemento de Portos de Galicia, de modificación non substancial e ampliación de prazo da concesión administrativa transferida a Frigoríficos Docampo S.L. destinada a construción dunha nave para manipulación da pesca e cámaras frigoríficas, para autorizar as obras de instalación de dúas cámaras de conxelación e tanque de salmuera no porto de Aguiño, Riveira, asinado polo Presidente de Portos de Galicia Sr. José Juan Durán Hermida na data 8 de xullo de 2016 / Prego de condicións pola que se rexerá a modificación non substancial e ampliación de prazo de concesión administrativa de ocupación de terreos de dominio público portuario, asinado polo Director de Portos de Galicia Sr. José Ignacio Villar García / Aceptación expresa da entidade FRIGORÍFICOS DOCAMPO S.L. do ofrecemento de Portos de Galicia de modificación non substancial e ampliación de prazo da concesión administrativa / Declaración de Incidencial Ambiental favorable asinado pola Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Cidade e Avaliación Ambiental Sra. Cristina Carrión Rodríguez na data 30 de setembro de 2016.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 12.382,23 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Álvaro Docampo Rodríguez actuando en nome representación da entidade FRIGORÍFICOS DOCAMPO S.L., achegábase en escrito rexistrado de entrada na data 10.10.16, (Rexistro de entrada nº 13.1042), licenza de obra para adecuación de nave frigorífica existente para destinala a almacén de produtos conxelados de pesca e conxelación por tanque de salmuera, sito no Porto de Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 8679503MH9087N, achegándose Proxecto visado polo C.O.E.T.I de A Coruña de data 24 de maio de 2016 redactado por José Manuel Dios Tomé, así como **Ofrecemento de Portos de Galicia, de modificación non substancial e ampliación de prazo da concesión administrativa transferida a**



Frigoríficos Docampo S.L. destinada a construción dunha nave para manipulación da pesca e cámaras frigoríficas, para autorizar as obras de instalación de dúas cámaras de conxelación e tanque de salmuera no porto de Aguiño, Riveira, asinado polo Presidente de Portos de Galicia Sr. José Juan Durán Hermida na data 8 de xullo de 2016, **Prego de condicións pola que se rexerá a modificación non substancial e ampliación de prazo de concesión administrativa de ocupación de terreos de dominio público portuario**, asinado polo Director de Portos de Galicia Sr. José Ignacio Villar García, **Aceptación expresa** da entidade FRIGORÍFICOS DOCAMPO S.L. do ofrecemento de Portos de Galicia de modificación non substancial e ampliación de prazo da concesión administrativa e por último **Declaración de Incidencial Ambiental favorable** asinado pola Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Clidade e Avaliación Ambiental Sra. Cristina Carrión Rodríguez na data 30 de setembro de 2016.

2.- En escrito rexistrado de entrada no Concello na data 27.10.16, (Rexistro de entrada nº 14.109), recíbese no Concello de Riveira a Declaración de Incidencial Ambiental favorable asinado pola Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Clidade e Avaliación Ambiental Sra. Cristina Carrión Rodríguez na data 30 de setembro de 2016.

3.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe favorable na data 13 de decembro de 2016 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar quese deberá:

“

(...)

Xustificar o cumprimento do decreto 106/2015 de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Xustificar o cumprimento do decreto 35/2000, de accesibilidade.

Debrá de aportarse o oficio de dirección de execución de obras, de acordo co establecido ao respecto pola LOE.”

4.- Posteriormente por Álvaro Docampo Rodríguez actuando en nome representación da entidade FRIGORÍFICOS DOCAMPO S.L., achegábase ao expediente da licenza de obra en escrito rexistrado de entrada na data 30.12.16, (Rexistro de entrada nº 16.858), Anexo ao proxecto de decembro de 2016 xustificando accesibilidade e acústica redactado por José Manuel Dios Tomé así como Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo C.O.E.T.I de A Coruña de data 26 de decembro de 2016.

5.- Por último o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe favorable na data 4 de xaneiro de 2017 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar que:

“





(...)

Infórmase favorablemente."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO.**

ORDENANZA 9.1.- Desarrollo

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.

ORDENANZA TRANSITORIA 9.2-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entiende, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:


Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares





destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.

Segundo.- Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro).

Artigo 23. Supresión da licenza municipal de actividade

1. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia suprímese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.

2. Os concellos velarán polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a legislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

Artigo 24. Comunicación previa

1. Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello respectivo comunicación previa na cal poñerán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a seguinte documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación:

a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa

do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.

b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.


d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.


e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.

f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

2. Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. Logo de rematar a obra, presentárase comunicación previa para o inicio da actividade coa antelación sinalada no parágrafo 1 deste artigo.





3. Sométese tamén ao réxime de comunicación previa o cambio de titularidade das actividades e instalación, e quen exerza a nova titularidade deberá comunicalo por escrito ao concello.

4. Toda a documentación requirida neste artigo poderá presentarse telematicamente. As comunicacións e resolucións da Administración tramitaranse do mesmo xeito. E todos os concellos de Galicia deberán ter na súa páxina web un portal telemático de comunicacións previas e autorizacións administrativas.

Artigo 25. Efectos da comunicación previa

1. A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta a Administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

2. Os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da actividade e o seu control posterior.

3. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán o concello respectivo para a súa declaración logo de audiencia do/a interesado/a.

Artigo 33. *Avaliación de incidencia ambiental*

1. As actividades ás cales non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo desta lei someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia o capítulo anterior.

2. Para estes efectos, obtida a declaración de incidencia ambiental ou a súa modificación substancial, presentarse a comunicación previa prevista no artigo 24 desta lei perante o concello respectivo, na cal, ademais do previsto no citado artigo, achegarán a seguinte documentación:

a) Copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico/a responsable.


b) Declaración de incidencia ambiental.

c) Certificación do/a técnico/a ou dos/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

3. Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a comunicación previa relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de incidencia ambiental.

Terceiro.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Cuarto.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se





entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto visado polo C.O.E.T.I de A Coruña de data 24 de maio de 2016 e do Anexo ao Proxecto de decembro de 2016 xustificativo da accesibilidade e acústica redactados ambos por José Manuel Dios Tomé, así como **Ofrecemento de Portos de Galicia, de modificación non substancial e ampliación de prazo da concesión administrativa transferida a Frigoríficos Docampo S.L.** destinada a construción dunha nave para manipulación da pesca e cámaras frigoríficas, para autorizar as obras de instalación de dúas cámaras de conxelación e tanque de salmuera no porto de Aguiño, Riveira, asinado polo Presidente de Portos de Galicia Sr. José Juan Durán Hermida na data 8 de xullo de 2016, **Prego de condicións pola que se rexerá a modificación non substancial e ampliación de prazo de concesión administrativa de ocupación de terreos de dominio público portuario**, asinado polo Director de Portos de Galicia Sr. José Ignacio Villar García, **Aceptación expresa** da entidade FRIGORÍFICOS DOCAMPO S.L. do ofrecemento de Portos de Galicia de modificación non substancial e ampliación de prazo da concesión administrativa e por último **Declaración de Incidencial Ambiental favorable** asinado pola Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Clidade e Avaliación Ambiental Sra. Cristina Carrión Rodríguez na data 30 de setembro de 2016.


Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinto.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación





urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Sexto.- O artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que se entenderá por declaración responsable o documento suscrito por un interesado no que éste manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito o facultade para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requerida, e que se compromete a manter o cumprimento das obrigacións durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento o exercicio.

Os requisitos aos que se refire o párrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable. As Administracións poderán requirir en calquera momento que se aporte a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e o interesado deberá aportala.


Aos efectos desta Lei, entenderase por comunicación aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos o calquer outro dato relevante para o inicio dunha actividade o exercicio dun dereito.


As declaracións responsables e as comunicacións permitirán, o recoñecemento o exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, dende o día da súa presentación sin perxucio das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas.

No obstante o disposto no párrafo anterior, a comunicación poderá presentarse dentro dun prazo posterior ao inicio da actividade cando a lexislación correspondente o prevea expresamente.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquer dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que lle sexa no seu caso requerida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito o actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sin perxucio das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola Lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.





As Administracións Públicas terán permanentemente publicados e actualizados modelos de declaración responsable e de comunicación, facilmente accesibles aos interesados.


Únicamente será exixible, ben unha declaración responsable, ben unha comunicación para iniciar unha mesma actividade ou obter o recoñecemento dun mesmo dereito ou facultade para o seu exercicio, sin que sexa posible a exixencia de ambas acumulativamente.

Sétimo.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Oitavo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto, visto o **Ofrecemento de Portos de Galicia, de modificación non substancial e ampliación de prazo da concesión administrativa transferida a Frigoríficos Docampo S.L.** destinada a construción dunha nave para manipulación da pesca e cámaras frigoríficas, para autorizar as obras de instalación de dúas cámaras de conxelación e tanque de salmuera no porto de Aguiño, Riveira, asinado polo Presidente de Portos de Galicia Sr. José Juan Durán Hermida na data 8 de xullo de 2016, visto o **Prego de condicións pola que se rexerá a modificación non substancial e ampliación de prazo de concesión administrativa de ocupación de terreos de dominio público portuario**, asinado polo Director de Portos de Galicia Sr. José Ignacio Villar García, vista a **aceptación expresa** da entidade FRIGORÍFICOS DOCAMPO S.L. do ofrecemento de Portos de Galicia de modificación non substancial e ampliación de prazo da concesión administrativa, vista a **Declaración de Incidencial Ambiental favorable** asinado pola Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Cíidade e Avaliación Ambiental Sra. Cristina Carrión Rodríguez na data 30 de setembro de 2016, visto o **informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 4 de xaneiro de 2017**, vista a Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro), e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 02/02/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER á entidade FRIGORÍFICOS DOCAMPO S.L. **LICENZA DE OBRA (Nº 4/17)** para **ADECUACIÓN DE NAVE FRIGORÍFICA EXISTENTE PARA DESTINALA A ALMACÉN DE PRODUCTOS CONXELADOS DE PESCA E CONXELACIÓN POR TANQUE DE SALMUERA**, sita no Porto de Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 8679503MH9087N, nos termos do Proxecto visado polo C.O.E.T.I de A Coruña de data 24 de maio de 2016 e do Anexo ao Proxecto de decembro de 2016





xustificativo da accesibilidade e acústica redactados ambos por José Manuel Dios Tomé:

- *Deberá axustarse estrictamente ao disposto pola **Declaración de Incidencial Ambiental favorable** asinado pola Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Cllidade e Avaliación Ambiental Sra. Cristina Carrión Rodríguez na data 30 de setembro de 2016.*

Segundo.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

Terceiro.- Logo de rematar a obra, presentarase **COMUNICACIÓN PREVIA PARA O INICIO DE ACTIVIDADE** cos requisitos especificados nos artigos 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado:

- *A documentación técnica conterá **Certificado Final de Obra visada polo Colexio oficial correspondente.***

Cuarto.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Quinto.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Sexto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A





contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Oitavo.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Noveno.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Décimo.- Asimesmo a licenza concedida:


- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*


3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A LICENZA DE OBRA PARA USO ESPECÍFICO - IVÁN SIEIRA GONZÁLEZ.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construción de edificación para destinalo a área de autolavado e aspirado de vehículos.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

SITUACIÓN: Rúa Canarias, Parcela F01 s/n, Riveira.





REFª CATASTRAL: 0618601NH0101N0001GF.

PROMOTOR/A: Iván Sieira González.

PROXECTO: Proxecto de agosto de 2016 / Proxecto visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 9.9.16 / Proxecto visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 14.12.16.

AUTOR/A PROXECTO: Manuel González González.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 14.000,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Iván Sieira González, solicitábase en escritos rexistrados de entrada nas datas 8.8.16, 15.9.16, 16.12.16, (Rexistro de entrada nº 10.175, 11.753 e 16.297), licenza de obra construción de edificación para destinalo a área de autolavado e aspirado de vehículos, sito na Rúa Canarias, Parcela F01 s/n, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0618601NH0101N0001GF, achegándose Proxecto de agosto de 2016, Proxecto visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 9.9.16, Proxecto visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 14.12.16 redactados por Manuel González González.

2.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe favorable na data 28 de decembro de 2016 no que analiza en *sentido favorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar que:

“

(...)

Infórmase favorablemente o expediente.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da edificación clasifícase no plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA.**


Segundo.- Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia (Dog nº 247 do 27 de decembro).


Artigo 23. Supresión da licenza municipal de actividade

1. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia suprímese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.

2. Os concellos velarán polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a legislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

Artigo 24. Comunicación previa





1. Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello respectivo comunicación previa na cal poñerán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a seguinte documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación:

a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa

do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.

b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.

e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.

f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

2. Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. Logo de rematar a obra, presentárase comunicación previa para o inicio da actividade coa antelación sinalada no parágrafo 1 deste artigo.


3. Sométese tamén ao réxime de comunicación previa o cambio de titularidade das actividades e instalación, e quen exerza a nova titularidade deberá comunicalo por escrito ao concello.


4. Toda a documentación requirida neste artigo poderá presentarse telematicamente. As comunicacións e resolucións da Administración tramitaranse do mesmo xeito. E todos os concellos de Galicia deberán ter na súa páxina web un portal telemático de comunicacións previas e autorizacións administrativas.

Artigo 25. Efectos da comunicación previa

1. A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta a Administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

2. Os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da actividade e o seu control posterior.





3. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán o concello respectivo para a súa declaración logo de audiencia do/a interesado/a.

Artigo 33. Avaliación de incidencia ambiental

1. As actividades ás cales non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo desta lei someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia o capítulo anterior.

2. Para estes efectos, obtida a declaración de incidencia ambiental ou a súa modificación substancial, presentárase a comunicación previa prevista no artigo 24 desta lei perante o concello respectivo, na cal, ademais do previsto no citado artigo, achegarán a seguinte documentación:

a) Copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico/a responsable.

b) Declaración de incidencia ambiental.

c) Certificación do/a técnico/a ou dos/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

3. Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a comunicación previa relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de incidencia ambiental.

Terceiro.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Cuarto.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.


A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.


Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto de agosto de 2016, Proxecto visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 9.9.16, Proxecto visado





polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 14.12.16 redactados por Manuel González González.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinto.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.


Sexto.- O artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que se entenderá por declaración responsable o documento suscrito por un interesado no que éste manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito o facultade para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das obrigacións durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento o exercicio.

Os requisitos aos que se refire o párrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na correspondente declaración responsable. As Administracións poderán requirir en calquera momento que se aporte a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e o interesado deberá aportala.

Aos efectos desta Lei, entenderase por comunicación aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos o calquer outro dato relevante para o inicio dunha actividade o exercicio dun dereito.

As declaracións responsables e as comunicacións permitirán, o recoñecemento o exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, dende o día da súa presentación sin perxuício das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas.

No obstante o disposto no párrafo anterior, a comunicación poderá presentarse dentro dun prazo posterior ao inicio da actividade cando a lexislación correspondente o prevea expresamente.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquer dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que lle sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito o actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sin perxuício das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigación do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola Lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

As Administracións Públicas terán permanentemente publicados e actualizados modelos de declaración responsable e de comunicación, ffacilmente accesibles aos interesados.


Únicamente será exixible, ben unha declaración responsable, ben unha comunicación para iniciar unha mesma actividade ou obter o recoñecemento dun mesmo dereito ou facultade para o seu exercicio, sin que sexa posible a exixencia de ambas acumulativamente.


Sétimo.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

